

CONCELLOS



Ría de Ares



Ría de Ferrol



Capela de cabo Frouxeira (Valdoviño)



Cantís de Loiba (Ortigueira)



Mosteiro de Caaveiro (A Capela)

Ares

Un bo lugar onde desconectar, cunha das vilas mariñeiras máis fermosas de toda Galicia, Redes. Ademais, é popular pola súa festa das Alfombras celebrada en maio na que toda a vila se dedica a colectar flores para decorar as rúas da vila.

Cabanas

Lugar idóneo para gozar dun tranquilo areal, a praia da Magdalena, e bañarse nas súas mansas augas. Coñecido por albergar un dos maiores tesouros da natureza, as Fragas do Eume, o bosque atlántico costeiro máis importante que se conserva en Europa.

A Capela

Atópase nun dos enclaves naturais máis fermosos, as Fragas do Eume, onde poderemos gozar dunha das xoias da arte románica, o mosteiro de Caaveiro, declarado Monumento Histórico-Artístico.

Cariño

Destaca polo seu carácter natural no seu estado máis salvaxe, como o emblemático cabo Ortegá, de gran valor ambiental, xeolóxico e ornitolóxico. Ademais, a industria conserveira xoga un papel moi importante nesta vila mariñeira.

Cedeira

Un dos municipios máis populares por albergar o segundo punto de peregrinaxe máis importante de toda Galicia, Santo André de Teixido. Ademais, conta con fabulosos areais como a praia urbana da Magdalena. Unha paraxe onde gozar das marabillas da natureza, como no miradoiro de Vixía Herbeira.

Cerdido

Atópase entre as altas serras de Forgoselo e Faladoira e o val de San Sadurniño. O municipio divide as súas augas en dúas conchas, a do río Mera, que achega as súas augas á ría de Ortigueira, e a do río de Porto do Cabo, que desemboca na ría de Cedeira deixando unhas paisaxes de inmemorable beleza.

Fene

Unha mostra da natureza viva que se pode coñecer deste concello é o río Belelle e a súa ferverza, un espazo onde entrar en contacto directo coa natureza e a historia cruzando o río pola coñecida ponte das Ribeiras.

Ferrol

A cidade de Ferrol destaca pola súa configuración en forma de cuadrícula, como se pode observar no seu coñecido barrio da Magdalena, con longas rúas nas que asoman exemplos de arquitectura modernista como o teatro Jofre ou o centro cultural Torrente Ballester. O castelo de San Felipe ou o Arsenal evidencian o seu pasado vinculado á tradición naval e militar.

Mañón

É coñecido por albergar o punto máis setentrional de toda a península ibérica, o cabo de Estaca de Bares, que penetra no mar para separar as augas do Atlántico e o Cantábrico. Ademais, a ría do Barqueiro é un excelente lugar para admirar a riqueza paisaxística e ornitolóxica da zona.

Moeche

O principal atractivo deste municipio é o seu castelo, construído no século XIV, que destaca pola súa antigüidade e as súas distinguidas características. Tamén sobresaen as súas igrexas como a de San Xurxo de Moeche ou a de Santa María de Labacengos.



Ortigueira



Castelo de Moeche

Monfero

Neste municipio, situado dentro do tesouro natural das Fragas do Eume, está o popular mosteiro de Monfero. Tamén destacan as pequenas ermidas da Ascensión e as numerosas pontes medievais, que se distribúen por toda a zona.

Mugardos

As súas orixes mariñeiras dotan este municipio dun encanto especial, mesturado coas diferentes mostras de arquitectura indiana, militar e relixiosa. A vila mariñeira do Seixo é un dos mellores exemplos de Galicia para coñecer a arquitectura indiana e para descubrir as construcións militares da zona, os castelos da Palma e de San Martín.

Narón

Un lugar perfecto para gozar de praias de bravura fronte ao Atlántico como as de Hortiña, Casal ou Sopesa situadas nun enclave único entre os cantís tan representativos desta zona. Dispón dun gran patrimonio cultural, pois conta cun dos maiores teatros e centros culturais de toda Galicia, o Pazo da Cultura.

Neda

Un dos mellores embaixadores deste municipio é o seu famoso pan, que na antigüidade converteu a esta vila na capital do trigo de Galicia. Ademais, tamén destaca polo seu importante patrimonio arqueolóxico, como o castro de Ancos.

Ortigueira

É popular por acoller cada ano o Festival Internacional do Mundo Celta, recoñecido como Festa de Interese Turístico Internacional desde 2005. Neste municipio ademais está o coñecido como "o mellor banco do mundo" en Loiba, dende onde gozar dunha impresionante panorámica de Estaca de Bares e o cabo Ortegá.

As Pontes de García Rodríguez

Municipio coñecido como a vila dos cen ríos e por albergar no pasado unha importante mina de lignito. Destaca polo seu protagonismo merecido das súas antigas pontes. O seu lago artificial exemplifica como unha paisaxe industrial pode converterse nun fermoso espazo natural.



Praia de Vilarrube (Valdoviño)

Pontedeume

Neste municipio é posible viaxar ao pasado visitando o castelo e o torreón dos Andrade e así coñecer a pegada que deixaron as familias señoriais de tempos pasados en Galicia. O sinal de identidade por excelencia é a ponte de pedra sobre o río Eume, que lle dá nome ao municipio.

San Sadurniño

Atravesado polo centro polo río Grande de Xubia, concentra unha gran riqueza natural que se pode observar na serra do Forgoselo, cunha ampla variedade de fauna, flora e restos arqueolóxicos, que comparte cos concellos veciños da Capela e das Pontes.

As Somozas

Este municipio conta con numerosos lugares de interese, tanto a nivel paisaxístico, con áreas recreativas como a do señoriais de tempos pasados en Galicia. O sinal de identidade por excelencia é a ponte de pedra sobre o río Eume, que lle dá nome ao municipio.

Valdoviño


O principal atractivo deste concello son as súas praias. Gozar de ecosistemas de gran valor ambiental é posible grazas á gran lagoa da Frouxeira. Outra opción para os apaixonados do surf é visitar a praia de Pantín, un paraíso a nivel internacional.

Vilarnaiaor

A tipoloxía arquitectónica que cabe destacar en Vilarnaiaor é a que se refire ao patrimonio relixioso. O exemplo máis destacado é Santa María de Doroña, e os numerosos muíños distribuídos por todo o seu territorio, como o de Pegueiro ou o do Medio.




Faro de punta Frouxeira (Valdoviño)



Lagoa de Valdoviño



Cedeira



Ferrol



## QUE VISITAR:

### NATUREZA

**Praias.** Forman unha das contornas costeiras máis fermosas do Atlántico. Ascenden desde as tranquilas augas de Cabanas ou Ares, perfectas para gozar coa familia, ata as fermosas praias de Fornos (Cariño), Mozouros (Ortigueira) e Esteiro (Mañón), pasando pola beleza agreste e brava de San Xurxo ou Pantín, un dos paraísos do surf a nivel internacional. Coas ondas e rompentes contrastan nalgunhas praias como Doniños en Ferrol ou A Frouxeira en Valdoviño, as grandes e mansas lagoas con ecosistemas únicos de gran valor, sobre todo ornitolóxico.

**Serra da Capelada.** A natureza indomable de Ferrolterra faise presente nos cantís de Vixia de Herbeira, con algún dos cantís máis altos do sur de Europa, situados na serra da Capelada, de camiño a Santo André de Teixido. Desde a Capelada seguimos subindo e chegamos a Ortigueira, onde está o banco de Loiba, coñecido como "o mellor banco do mundo". Sentarse alí a contemplar a impresionante vista de cabo Ortegal e Estaca de Bares pode ser unha experiencia inesquecible.

**Fragas do Eume.** A natureza salvaxe contrasta coas máxicas Fragas do Eume, un dos bosques de ribeira mellor conservados de Europa. A súa flora é un tesouro cunha vexetación tan tupida que apenas deixa pasar a luz e que agocha ademais de caídas de auga, numerosas fontes e fervezas.

### PATRIMONIO E CULTURA

Na cidade de Ferrol destacan edificacións civís como o modernista teatro Jofre ou o centro cultural Torrente Ballester, que ocupa as instalacións do antigo hospital de Caridade, e relixiosas, como a concatedral de San Xullán, un exemplo do neoclásico e a igrexa máis importante da cidade xunto coa castrens de San Francisco. Saindo do casco urbano e cara as terras de Serantes érguese a ermida da Chamorro, onde todos os anos se celebra unha famosa romaría.

Fóra da área urbana, no corazón das Fragas do Eume, está o mosteiro de Caaveiro, xoia da arte románica declarado Monumento Histórico-Artístico e principal reclamo do Parque Natural. O castelo e o torreón dos Andrade, en Pontedeume, deixan constancia do pulo das grandes familias señoriais, e vestixio duns tempos que remataron con revoltas como as que albergou o castelo de Moeche, nos

célebres levantamentos dos campesiños contra os señores feudais que se conmemoran todos os anos nesta vila co Festival Irmandiño. No concello de Ares atopámonos unha das vilas mariñeiras máis fermosas e singulares de Galicia, Redes, escenario de rodaxes de publicidade e de cine, como a película "Julietta", de Pedro Almodóvar.

Lendas, tradicións, historia e relixión mestúranse nas manifestacións culturais que atopamos nesta comarca. Entre elas destaca a Semana Santa de Ferrol, declarada en 2014 de Interese Turístico Internacional. Cinco confrarías percorren cos seus pasos e penitentes as rúas da cidade, concentrando a miles de visitantes. Outra data senlleira na cidade é o día de San Xosé, tamén de Interese Turístico, coa Festa das Pepitas, na que a vocación cantora de Ferrol e as súas xentes acada a máxima expresión en rúas, prazas e bares coas súas tradicionais habaneiras.

**Festivais de música.** Multitudinario tamén, pero de moi distinta orixe, é o Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira. Meca da música folk, concentra todos os veráns a artistas prestixiosos de ámbito internacional e tamén a grupos emerxentes que teñen a oportunidade de actuar ante máis de 100.000 persoas. A música é a protagonista tamén noutras singulares propostas como o Felipop e o Fenerock en Fene, ou a Festa da Terra e da Lingua en Narón.

**Festas e romarías.** Outras festas e romarías, de interese turístico tamén, son as das Alfombras Florais de Ares, onde nenos e maiores pasan toda a noite confeccionando os fermosos arranxos florais nas súas rúas con motivo do Corpus Christi, a Romaría da Fraga das Pontes de García Rodríguez, e o Oenach Atlántico de Narón. Unha cita que tampouco se debe deixar pasar é o Festival Irmandiño de Moeche, para conmemorar o espírito do movemento irmandiño.

**Festas patronais.** As festas patronais son outro clásico neste xeodestino, e podemos pasar todo o verán saltando dunha a outra, sobre todo en datas de San Roque e a Virxe do Carme. As de Cedeira son famosas polas súas propostas de ocio, a súa romaría e a cantidade de visitantes que as frecuentan, e as de Cariño por celebrar a procesión marítima máis longa de España, que vai ata cabo Ortegal.

A CORUÑA


LUGO

PONTEVEDRA

OURENSE



RÍAS ALTAS: FERROLTERRA xeodestino



## RÍAS ALTAS: FERROLTERRA destinos MÁXICOS de terra e mar



turismo.dacoruna.gal  
@DACTurismo  
Turismo da Deputación da Coruña  
Dacturismo  
turismo@dacoruna.gal

RÍAS ALTAS: FERROLTERRA xeodestino



## QUE FACER:

### RUTAS

**Rueiro de Ferrol.** Numerosas rutas poden levarnos desde o barrio mariñeiro de Ferrol Vello ata o da Magdalena, declarado Conxunto Histórico-Artístico en 1983. Entre ambas zonas presididas por prazas señoriais como a de Amboage, está o Arsenal, un imponente complexo militar que alberga o Museo Naval, punto de visita obrigada para coñecer a historia da cidade. Outra ruta singular é a das Meninas, que impulsou a través da arte de rúa o rexurdimento do barrio de Canido.

**Ruta do Medievo.** Este camiño transcorre polo norte da provincia, entre Betanzos a Santo André de Teixido, atravesando as grandes xoias naturais e patrimoniais desta comarca, desde o Coto de Chelo ata os cantís de punta dos Aguillóns, en cabo Ortegal, así como os mosteiros de Monfero e Caaveiro, no corazón das Fragas do Eume, ou os castelos de Moeche e Naraio. O percorrido remata na serra da Capelada, con mandas de cabalos en liberdade e cantís que caen directamente ao mar.

**Ruta industrial das Pontes.** Exemplo de como unha paisaxe industrial pode converterse nun fermoso espazo natural é a localidade das Pontes, que conta co lago artificial máis grande de Europa, formado tras a explotación da mina que xerou a riqueza nesta vila, onde se combina o patrimonio medieval cun dos focos de desenvolvemento industrial máis importantes de Galicia.

**Ruta dos miradoiros.** Esta ruta de 25 km atravesada toda a serra da Capelada, dende Cariño ata o faro de cabo Ortegal, pasando polos distintos miradoiros como o da Miranda ou o dos Carrís, entre outros.

### CAMIÑO INGLÉS

Ferrol e A Coruña son puntos de partida do coñecido Camiño Inglés, que discorre polo norte da provincia. Ben partindo de Ferrol ou da Coruña, con case 120 e 75 km por diante respectivamente, ambos os dous camiños únense nos arredores de Mesía para seguir a Santiago de Compostela. O seu nome débese a que era a ruta elixida polos peregrinos procedentes principalmente de Inglaterra.



Argola de amarra

### SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO

Un dos camiños máis completos e interesantes, que combina natureza, patrimonio e tradición, é o que leva ao santuario de Santo André de Teixido, segundo punto de peregrinaxe en Galicia ao que, como reza o dito, "vai de morto quen non vai de vivo". Beber da fonte dos tres canos ou facerse cun amuleto de miga de pan, o famoso "sanandresiño", son só algúns dos numerosos ritos que hai que cumprir na visita para non volver convertido en ánima.

### GASTRONOMÍA

O pan de Neda, o polbo de Mugarodos, o pemento do Couto... son os reis da gastronomía con apelidos en Ferrolterra e como tal cada un ten a súa propia festa ou romaría. Son os máis famosos pero non os únicos nun destino no que conviven o percebe de Cedeira, o grelo de Cerdeiro, o mel das Pontes, o requieixo da Capela, a ameixa de Maniños ou o mexillón de Barallobre.



Banco de Loiba (Ortigueira)